

Os abaixo asinantes dirixímonos a Vde. na súa calidade de representante do Goberno de España para Galicia, para unha vez máis solicitarlle unha xuntanza a maior brevidade posible, na que nos informe das xestións que Vde. se comprometera a realizar ante este Comité de Empresa e os traballadores despedidos.

Aparte de meter de novo por rexistro os escritos presentados do mes de Novembro e Decembro de 2016, que tentámoslle facer chegar para que os lea, e logo non poida dicir que non coñecía o motivo das nosas denuncias, imos aproveitar neste escrito de Xaneiro de 2017 para trasladarlle o seguinte:

1ª) ¿É Vde. coñecedor de que na xuntanza celebrada o 2 de Novembro de 2016 pola Comisión de Seguimento do Ministerio de Defensa, con respecto a adxudicación das instalacións da antiga Fábrica de Armas a Hércules de Armamento, quedou claro en base de dita xuntanza, que os incumprimentos dos compromisos contraídos e incumpridos por Hércules de Armamento obrigarían ao Ministerio de defensa a recuperación da concesión das instalacións e a posible convocatoria dun novo concurso?

2ª) ¿Vostede descoñece que si Hércules de Armamento segue coa adxudicación das instalacións da antiga Fábrica de Armas máis alá de Setembro de 2017, pode xerar uns dereitos que hoxe non ten sobre os activos industriais ubicados nas instalacións?

Polo cal, como cidadáns e antigos representantes do Comité de Empresa da Fábrica de Armas, entendemos que estamos máis lexitimados que nunca para que si o ten a ben, trasladarlle o seguinte:

“¿Qué posibles intereses ocultos ou posible trama pode existir, para que a Administración non cumpra coa súa obriga de recuperar a concesión en base aos incumprimentos existentes, e logo proceda a un novo concurso público que poida garantir que na antiga Fábrica de Armas se poida desenrolar un proxecto industrial sólido e de futuro?”

Quedando a espera da súa contestación, esperamos que cumpra coa súa obriga e nos informe das xestións realizadas ante a Axencia Tributaria e o Ministerio de Defensa.

Reciba un saúdo.

A Coruña, 27 de Xaneiro de 2017